

Proxecto Bolboreta

FICHA TÉCNICA

AUTORA: Andrea Maceiras


EDITORIAL: Edicións Xerais

COLECCIÓN: Fóra de xogo

ISBN: 978-84-9782-824-6

PÁXINAS: 120

Premio Certame Micronovela Concello de Soutomaior 2007



Argumento

Hadrián Barcés, matemático e gran soñador, decide realizar unha viaxe dende Pequín a Nova York coa intención de comprobar a veracidade do conxunto de teorías coñecidas como «Efecto Bolboreta», acuñadas por científicos como James Gleick e Edward Lorenz a partir do proverbio chinés: «o bater das ás dunha bolboreta pódese sentir ao outro lado do mundo». Hadrián recollerá no seu diario as detalladas anotacións desta aventura científica e solitaria polo mundo enteiro na que conseguirá resolver algunhas das súas incógnitas, sufrirá moitas penurias e decepcións, vivirá acontecementos inesperados e mesmo atopará neses vieiros o rostro fermoso da bolboreta do amor, o símbolo de todos os seus soños. O Proxecto Bolboreta é un xeito diferente de vida, un soño que merece ser cumprido.

A autora

ANDREA MACEIRAS (A Coruña, 1987) é licenciada en Filoloxía Galega e Hispánica. No eido do relato curto obtivo en varias ocasións o primeiro premio do Certame Literario do Concello de Cambre nas modalidades de narrativa e poesía, así como o segundo premio do X Certame Literario

de Relatos Curtos Os Viaductos do Concello de Redondela polo seu relato *Cando foi a última vez que pasou fame de verdade?* A súa primeira novela xuvenil, *Proxecto Bolboreta*, é publicada na colección Fóra de Xogo en Xerais no ano 2007 como obra gañadora do I Certame de Micronovela do Concello de Soutomaior. No 2010 queda finalista do VI Premio de Novela Biblos-Pazos de Galicia. Nese mesmo ano gaña o 4º Premio Meiga Moira coa súa obra *Violeta Tamurana*, que tamén queda finalista do Premio da Edición 2010 e do Premio Frei Martín Sarmiento 2011. Con *Nubes de evolución* quedou finalista do Premio Fundación Nova Caixa Galicia 2011 e gañadora do Premio Fervenzas Literarias 2014. Con *Volverás, golfiño* quedou finalista do Premio Merlín 2013. En 2015 gañou o Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil 2015 con *Europa Express*.